


Universidade de Vigo



Grao en Xeografía e Historia

Facultade de Historia do Campus de Ourense

Universidade de Vigo

Descrición do Grao en Xeografía e Historia

Para obter o título é necesario cursar 240 créditos ECTS. Durante os tres primeiros cursos, as materias son de 6 créditos e obrigatorias. En cuarto curso se elixen as optativas (6 materias de 6 créditos) e se realizan as Prácticas e o Traballo de Fin de Grao (TFG), ambas materias obrigatorias e de 12 créditos.

Estrutura

| 1º DE GRAO | |
|---|---------------------------------|
| 1º Cuadrimestre | 2º Cuadrimestre |
| Fundamentos da xeografía física | Fundamentos de Xeografía Humana |
| Introdución a Etnoloxía | Introdución á Historiografía |
| Linguaxes e Técnicas Artísticas | Arte Clásico |
| Inglés para Humanidades | Teoría e Método da Arqueoloxía |
| Historia de América Precolombina e Colonial | Prehistoria Universal |

| 3º DE GRAO | |
|--|---------------------------------------|
| 1º Cuadrimestre | 2º Cuadrimestre |
| Historia antiga da península Ibérica | Historia contemporánea de España |
| Historia da arte moderna | Historia da arte contemporánea |
| Historia medieval da Península Ibérica | Historia moderna de España |
| Prehistoria da península Ibérica | Mundo actual |
| Xeografía aplicada: territorio e paisaxe | Sistemas de representación xeográfica |

| 2º DE GRAO | |
|--------------------------------------|------------------------------------|
| 1º Cuadrimestre | 2º Cuadrimestre |
| Espazos e sociedades | Metodoloxía da historia |
| Fontes de información en humanidades | Historia moderna universal |
| Historia antiga universal | Historia contemporánea universal J |
| Historia medieval universal | Historia da arte medieval |
| Paleografía | Arqueoloxía aplicada |

| 4º DE GRAO | |
|--|--|
| 1º Cuadrimestre | 2º Cuadrimestre |
| Diplomática e arquivística | Historia contemporánea de Galicia (op.) |
| Historia de América contemporánea | Historia moderna de Galicia (op.) |
| Historia antiga do noroeste da península (op.) | Mentalidade, identidade e cambio social (op.) |
| Historia da arte de Galicia (op.) | Prehistoria do noroeste da península Ibérica (op.) |
| Historia das relixións (op.) | Prácticas Externas (op.) |
| Historia medieval de Galicia (op.) | Traballo de Fin de Grao (op.) |
| Xeografía de Galicia (op.) | |

Prácticas externas

As prácticas externas curriculares están orientadas a completar e reforzar as competencias asociadas ao título. Realizaranse nun entorno laboral e profesional real relacionado con algún ámbito da historia, da xeografía ou da historia da arte, baixo a supervisión dun titor na entidade colaboradora e un titor académico na Facultade. Estas desenvolveranse en 4º de Grao. Non obstante, pódense pedir e realizar xa en 3º de Grao e solicitar no vindeiro curso a validación.

Traballo de Fin de Grao

O Traballo de Fin de Grao ten como obxectivo a posta en práctica dos coñecementos e competencias adquiridos durante o período da súa formación académica. Trátase dun traballo relacionado con algún dos múltiples ámbitos da Historia, da Xeografía ou da Historia da Arte, sempre baixo a supervisión dun titor académico. O Traballo de Fin de Grao presentarase mediante unha memoria escrita e será defendido oralmente ante un tribunal nomeado a tal efecto. É un requisito obrigatorio para a súa presentación ter superadas todas as materias.

Visitas de estudos

Ó longo do curso organízanse diversas saídas de estudos para o alumnado. Estas poden ser durante o curso en visitas dun só día, ou ben viaxes máis longas.

Destacan entre todas elas as “Viaxes de Estudos Arqueolóxicos” realizadas cada ano en torno a semana de Entroido. Estas están organizadas conxuntamente polo profesor de arqueoloxía, Fermín Pérez Losada, e a Delegación de Alumnos da Facultade, e consisten en viaxes autoxestionadas a países relevantes dende o punto de vista histórico, con especial interese nos vestixios arqueolóxicos.

Mobilidade

As Universidades europeas coas que a Facultade de Historia ten convenios son:

- Brandenburgische Technische Universität, Cottbus-Senftenberg (Brandenburg), Alemaña.
- Univerzitet u Istočnom, Sarajevo, Bosnia e Herzegovina. (KA171)
- Ugozapaden Univerzitet ‘Neophit Rilski’, Blagoevgrad, Bulgaria.
- Université de Franche-Comté, Besançon, Francia.
- Université de Bretagne-Sud, Lorient, Francia.
- Univerzitet de Pau et des Pays d’Adour, Pau, Francia.
- Aristoteleio Panepistimio Thessalonikis, Salónica, Grecia.
- Università degli Studi del Piemonte Orientale ‘Amadeo Avogadro’, Novara, Italia.
- Università degli Studi di Catania, Catania, Italia.
- Università degli Studi di Cagliari, Cagliari (Cerdeña), Italia.
- Università degli Studi Roma Tre, Roma, Italia.
- Univerzitetet i Stavanger, Stavanger, Noruega.
- Univerzitetet i Oslo, Oslo, Noruega.
- Akademia Pomorska w Slupsku, Slupsku, Polonia.
- Jan Kochanowski University of Humanities and Sciences, Kielce, Polonia.
- Uniwersytet Lodzki, Lodz, Polonia.
- Instituto Politécnico de Bragança, Bragança, Portugal.
- Universidade de Coimbra, Coimbra, Portugal.
- Universidade de Lisboa, Lisboa, Portugal.
- Universidade do Minho, Braga, Portugal.
- Univerzita Jana Evangelisty Purkyne v Usti nad Ladem, Ustinad Ladem, República Checa.
- Universitatea ‘Ovidius’ Constanta, Constanta, Rumanía.
- Gazi Üniversitesi, Ankara, Turquía.
- Kirklareli University, Kirklareli, Turquía.

Contactos de interese

- Páxina web: <http://historia.uvigo.es/>
- Facebook: www.facebook.com/facultadehistoriaourense
- Blog: <http://historiaourense.blogspot.com.es>
- Conserxería: 988 38 71 01 / FAX: 988 38 71 59
- Secretaría de alumnado: 988 38 71 04 / 988 38 71 96
- Secretaría do Decanato: 988 38 72 00
- Edificio Administrativo: 988 38 71 02